


INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Terceiro trimestre de 2018

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Terceiro trimestre de 2018

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 1,3% no terceiro trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,6 puntos menos que no conxunto de España (1,9%). O custo laboral total en Galicia é de 2.287,55 euros, 212,32 euros inferior á media nacional (2.499,87 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 0,9% no terceiro trimestre de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior mentres que en España o incremento é dun 1,9%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.666,09 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.842,62 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no terceiro trimestre do ano diminúe en Galicia o 1,1% e en España o 2,5%.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Illes Balears e País Vasco, mentres que diminúe en catro comunidades.
- A xornada semanal media pactada é de 35,1 horas semanais en Galicia e de 34,7 horas en España.


Custo laboral. Terceiro trimestre de 2018			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.287,55	1,3
	Custo salarial total	1.666,09	0,9
	Outros custos	621,46	2,4
	Cotizacións obrigatorias	566,07	1,1
	Percepcións non salariais	66,46	16,0
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	11,07	7,8

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.287,55 euros no terceiro trimestre de 2018, co que aumenta un 1,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 1,9% e supera en 212,32 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.666,09 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 0,9%. En España, o custo salarial aumenta un 1,9%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 0,8% en Galicia, acadando os 1.498,00 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.670,35 euros, cun incremento do 1,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 621,46 euros en Galicia, co que se incrementan un 2,4%, mentres que en España aumentan un 1,9%, ata os 657,25 euros. O incremento dos Outros custos en Galicia débese principalmente ao aumento do 1,1% nas cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e do 16,0% das percepcións non salariais.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na industria e na construción mentres que diminúe nos servizos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 4,4% debido ao incremento do 5,1% do Custo salarial total. Os Outros custos aumentan un 2,4%, cun incremento das cotizacións obrigatorias (2,6%) e un descenso das percepcións non salariais (-1,5%).

INDUSTRIA. Terceiro trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 4,4	Custo total	2.725,2	4,4
 3,7	Custo salarial total	2.003,1	5,1
	Outros custos	722,1	2,4
 0,7	Cotizacións obrigatorias	678,5	2,6
0,0	Percepcións non salariais	54,3	-1,5
0,0	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	10,7	-2,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 6,4% do Custo total na **Construción** ven motivado principalmente polo incremento do Custo salarial total (5,1%). Os Outros custos aumentan un 9,2% debido tanto ás cotizacións obrigatorias (6,0%) como ás percepcións non salariais (33,2%).

CONSTRUCCIÓN. Terceiro trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 6,4	Custo total	2.462,3	6,4
 3,5	Custo salarial total	1.676,2	5,1
	Outros custos	786,1	9,2
 1,6	Cotizacións obrigatorias	674,1	6,0
 1,3	Percepcións non salariais	119,9	33,2
0,1	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	8,0	30,3

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 0,1 debido á diminución do 0,7% do Custo salarial total. Os Outros custos aumentan o 1,6%, cun incremento do 17,4% das percepcións non salariais.

SERVIZOS. Terceiro trimestre de 2018			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0,1	Custo total	2.165,6	-0,1
-0,5	Custo salarial total	1.583,9	-0,7
	Outros custos	581,6	1,6
0,0	Cotizacións obrigatorias	528,8	0,1
0,4	Percepcións non salariais	64,3	17,4
0,0	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	11,5	9,3

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior en case 250 euros á media nacional, mentres que na Construción a diferenza sitúase arredor dos 50 euros.

3. Tempo de traballo

No terceiro trimestre de 2018, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,1 horas semanais, e destas, pérdense 7 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,7 horas, das que se perden tamén 7 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 28,3 horas semanais en Galicia e de 27,9 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 1,1% e en España o 2,5%.


**Custo laboral por hora efectiva.
Terceiro trimestre de 2018**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	18,6	1,1
Custo salarial total	13,5	0,7
Outros custos	5,1	2,2
España		
Custo laboral total	20,6	2,5
Custo salarial total	15,2	2,5
Outros custos	5,4	2,7

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 1,3% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional en máis de 450 euros.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Illes Balears (4,9%) e País Vasco (3,7%). En catro comunidades diminúe o custo laboral, rexistrándose o maior descenso en Asturias (-0,6%) e Extremadura (-0,5%).

Custo laboral total. 3º trimestre de 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Terceiro trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.287,55	1,3	2.725,20	4,4	2.462,25	6,4	2.165,56	-0,1
Custo salarial total	1.666,09	0,9	2.003,14	5,1	1.676,20	5,1	1.583,94	-0,7
Custo salarial ordinario	1.498,00	0,8	1.743,23	3,9	1.509,71	3,3	1.437,81	-0,3
Outros custos	621,46	2,4	722,06	2,4	786,05	9,2	581,62	1,6
Cotizacións obrigatorias	566,07	1,1	678,47	2,6	674,09	6,0	528,75	0,1
Percepcións non salariais	66,46	16,0	54,29	-1,5	119,91	33,2	64,32	17,4
Subvencións e bonificacións	11,07	7,8	10,71	-2,5	7,95	30,3	11,45	9,3
España								
Custo laboral total	2.499,87	1,9	2.975,11	1,1	2.514,90	0,4	2.412,76	2,2
Custo salarial total	1.842,62	1,9	2.184,57	0,8	1.757,25	0,8	1.786,95	2,2
Custo salarial ordinario	1.670,35	1,2	1.925,00	0,8	1.619,88	0,7	1.627,94	1,4
Outros custos	657,25	1,9	790,54	1,7	757,65	-0,5	625,81	2,1
Cotizacións obrigatorias	604,03	1,4	733,60	1,3	688,00	2,3	574,46	1,4
Percepcións non salariais	65,85	5,6	68,76	5,3	80,16	-17,7	64,28	8,2
Subvencións e bonificacións	12,63	0,0	11,81	-3,6	10,50	24,6	12,93	-0,5

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	18,6	1,1	20,8	6,4	17,4	7,2	18,2	-0,8
Custo salarial total	13,5	0,7	15,3	7,1	11,8	5,9	13,3	-1,4
Custo salarial ordinario	12,2	0,7	13,3	5,9	10,7	4,1	12,1	-1,0
Outros custos	5,1	2,2	5,5	4,4	5,6	9,9	4,9	0,8
España								
Custo laboral total	20,6	2,5	23,5	2,3	18,3	0,8	20,3	2,8
Custo salarial total	15,2	2,5	17,2	2,1	12,8	1,2	15,0	2,8
Custo salarial ordinario	13,8	1,9	15,2	2,1	11,8	1,1	13,7	2,0
Outros custos	5,4	2,7	6,2	3,0	5,5	-0,2	5,3	2,7

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Terceiro trimestre de 2018

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	28,3	7,0	30,2	8,0	32,6	5,9	27,4	6,9
Tempo completo	31,1	8,0	30,2	8,5	33,4	6,0	30,7	8,2
Tempo parcial	17,5	2,9	20,2	3,7	13,0	1,9	17,4	2,9
España								
Ambas xornadas	27,9	7,0	29,1	8,8	31,7	6,2	27,4	6,8
Tempo completo	30,9	8,1	30,2	9,3	33,0	6,5	30,8	8,0
Tempo parcial	17,9	3,4	18,1	3,8	16,9	3,2	18,0	3,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Terceiro trimestre de 2018

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.499,9	98,4	1,9	20,6	105,5	2,5
Andalucía	2.260,2	97,9	1,6	18,4	102,3	1,9
Aragón	2.358,1	97,4	1,4	19,8	104,3	2,8
Asturias	2.478,1	99,6	-0,6	20,6	106,8	-0,2
Balears, Illes	2.454,3	103,8	4,9	17,7	101,1	4,4
Canarias	2.150,6	102,1	2,0	16,8	106,0	3,9
Cantabria	2.422,7	105,5	-0,2	19,6	110,0	1,6
Castilla y León	2.291,1	97,7	2,0	19,3	104,8	2,7
Castilla-La Mancha	2.238,4	96,0	-0,2	18,4	104,3	1,0
Cataluña	2.597,6	95,4	2,3	21,9	104,1	2,5
Comunitat Valenciana	2.266,4	98,4	2,3	18,9	105,8	4,1
Extremadura	2.033,6	94,8	-0,5	17,5	105,7	-0,2
Galicia	2.287,6	103,7	1,3	18,6	111,0	1,1
Madrid	2.917,3	98,8	1,8	23,4	106,7	2,4
Murcia	2.215,4	96,2	0,7	18,9	104,8	1,7
Navarra	2.718,3	102,7	1,9	23,9	112,5	2,7
País Vasco	3.059,6	103,0	3,7	27,9	115,4	4,1
Rioja, La	2.241,9	95,2	0,9	19,1	101,5	1,4

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Terceiro trimestre de 2018

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	1.842,6	97,8	1,9	15,2	104,9	2,5
Andalucía	1.649,6	97,1	1,0	13,5	101,4	1,4
Aragón	1.721,5	96,4	1,5	14,4	103,3	2,9
Asturias	1.830,4	99,8	-1,3	15,2	107,0	-1,0
Balears, Illes	1.795,6	103,0	5,0	13,0	100,3	4,5
Canarias	1.568,5	101,0	2,3	12,3	104,9	4,2
Cantabria	1.787,7	105,9	1,5	14,5	110,4	3,3
Castilla y León	1.669,0	97,8	1,3	14,1	104,8	2,0
Castilla-La Mancha	1.625,8	95,4	-0,2	13,4	103,5	1,1
Cataluña	1.911,7	94,0	2,1	16,1	102,6	2,3
Comunitat Valenciana	1.664,5	98,1	2,5	13,8	105,5	4,3
Extremadura	1.495,2	94,1	0,5	12,9	105,0	0,8
Galicia	1.666,1	103,0	0,9	13,5	110,2	0,7
Madrid	2.190,0	98,9	2,2	17,6	106,9	2,9
Murcia	1.619,7	95,7	-0,2	13,8	104,2	0,9
Navarra	1.999,9	102,7	2,0	17,6	112,6	2,8
País Vasco	2.279,5	102,5	3,6	20,8	114,9	4,1
Rioja, La	1.641,0	94,4	0,7	14,0	100,6	1,2

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Terceiro trimestre de 2018

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	657,3	100,1	1,9	5,4	107,1	2,7
Andalucía	610,7	100,1	3,0	5,0	104,6	3,3
Aragón	636,7	100,1	1,0	5,3	107,0	2,5
Asturias	647,7	99,0	1,3	5,4	106,3	1,9
Balears, Illes	658,7	105,9	4,5	4,8	103,5	4,2
Canarias	582,1	105,1	1,3	4,6	109,1	3,2
Cantabria	635,0	104,3	-4,6	5,1	108,9	-3,0
Castilla y León	622,1	97,5	3,8	5,3	104,6	4,6
Castilla-La Mancha	612,6	97,9	-0,4	5,1	106,5	0,8
Cataluña	685,8	99,4	2,6	5,8	108,6	3,0
Comunitat Valenciana	601,9	99,2	1,5	5,0	106,6	3,5
Extremadura	538,4	96,9	-3,2	4,6	107,9	-2,7
Galicia	621,5	105,7	2,4	5,1	113,2	2,2
Madrid	727,3	98,5	0,5	5,8	106,4	1,0
Murcia	595,7	97,4	3,0	5,1	106,3	4,1
Navarra	718,3	102,6	1,6	6,3	112,5	2,4
País Vasco	780,2	104,4	3,8	7,1	117,1	4,4
Rioja, La	600,9	97,5	1,6	5,1	104,3	2,2

Fonte: INE